

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN AMPLIÁNDOO ATA O 30 DE XUÑO DE 2026

ANTECEDENTES

1. O 26.11.2025 reúnese con carácter extraordinario a Comisión do Mexillón para, entre outras cuestións, avaliar o estado da semente de mexillón en bancos naturais para a presente campaña, segundo a información recollida na análise das poboacións de semente de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*) en hábitats intermareais rochosos, nas provincias da Coruña e Pontevedra, realizadas polo Centro Tecnolóxico do Mar e o Centro de Investigacións Mariñas de Galicia.
2. O 27.11.2025 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite informe no que, en síntese, indica que non observa ningún inconveniente en que se modifique o período para a extracción de semente de mexillón en rocha, atrasando o seu inicio, e establecendo como período de extracción o comprendido entre o 2 de xaneiro e o 30 de abril de 2026.
3. O 28.11.2025 a directora territorial na Coruña da Consellería do Mar dita resolución pola que se modifica, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais no ámbito territorial de competencia desa dirección territorial e no Arquipélago de Sálvora, cara leste da Illa de Sálvora (de Punta Lagos a Punta Besugueiros), establecendo como período de extracción o comprendido entre o 2 de xaneiro de 2026 e o 30 de abril de 2026, entre as 7:00 e as 20:00 horas; respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.
4. O 09.04.2026 reúnese a Comisión do Mexillón e na mesma solicítase ampliar o período de extracción da semente de mexillón ata o 31 de maio de 2026, tendo en conta a avaliación da evolución da campaña, así como o estado da semente de mexillón en bancos naturais, segundo a información recollida na análise das poboacións de semente de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*) en hábitats intermareais rochosos, nas provincias da Coruña e Pontevedra, realizadas polo Centro Tecnolóxico do Mar e o Centro de Investigacións Mariñas de Galicia.



5. O 28.04.2026 o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura e o subdirector xeral de Acuicultura emiten informe no que indican que non observan ningún inconveniente en que se modifique o período de extracción de semente de mexillón en rocha, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, sendo o último día do prazo o 31.05.2026.

6. O 29.04.2026 a directora territorial na Coruña da Consellería do Mar dita resolución pola que se modifica, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial de competencia desa dirección territorial, ampliándoo ata o 31 de maio de 2026.

7. O 28.05.2026 reúnese a Comisión do Mexillón e na mesma avalíanse as solicitudes de ampliación do período de extracción da semente de mexillón ata o 30 de xuño de 2026, tendo en conta a evolución da campaña, así como o estado da semente de mexillón en bancos naturais, segundo a información recollida na análise das poboacións de semente de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*) en hábitats intermareais rochosos, nas provincias da Coruña e Pontevedra, realizada polo Centro de Investigacións Mariñas de Galicia.

8. O 29.05.2026 o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura e o subdirector xeral de Acuicultura emiten informe no que indican que non observan ningún inconveniente en que se modifique o período de extracción de semente de mexillón en rocha, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, sendo o último día do prazo o 30.06.2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.



2. A Orde do 26 de outubro do 2000 regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, fixando no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establece que se prohibe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.

3. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a dirección territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados.


4. A Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, establece no seu artigo 2: *"Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2025-2027 para a explotación sustentable do percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A. Os plans de xestión de percebe que inclúen zonas de reserva para a extracción da semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, así como as coordenadas xeográficas das mesmas, se relacionan no cadro B."*

5. O epígrafe b) do apartado 4.3.1.4. Normativa da Zona I de uso limitado do Anexo II do Decreto 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoa de Carregal e Vixán, dispón: *"Quedan expresamente prohibidos todo tipo de aproveitamentos de recursos naturais, incluída a actividade forestal, excepto os cultivos tradicionais e aproveitamentos tradicionais de recursos mariños, que serán autorizables cando se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación"*.


6. O 29.05.2026 o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura e o subdirector xeral de Acuicultura emiten informe no que deixan constancia de que "O



Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA) informa que os resultados acadados durante as campañas de mostraxe no marco dos proxectos APROMEX e MEXIAN demostran que nestes momentos estase a producir unha incorporación notable de xuvenís que ten como consecuencia unha maior dispoñibilidade de recurso para ser extraído. Por outra parte os datos de declaracións de recollida de mexilla en banco natural (ver figura 1) no que vai da campaña 2026 amosan un incremento na extracción de mexilla en bancos naturais, manténdose a CPUE (kg/declaración) o que confirma a afirmación anterior.”



Asemade, engaden no dito informe do 29.05.2026 que “Os resultados dos informes de recontos larvários feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións mariñas (CIMA) – que se poden consultar en: http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx amosan dende o mes de febreiro un incremento continuado da presenza de larvas de mexillón, indicadoras de que nas rochas poder estarse a dar un incremento da poboacións de mexilla.”



Por conseguinte, de acordo co seguimento e avaliación realizada polo Centro de Investigacións Mariñas, cabe concluír que o estado do recurso aconsella modificar o período de extracción de semente de mexillón, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ampliando o período ata o 30 de xuño de 2026.

7. Esta Dirección Territorial é competente para ditar esta resolución, de acordo coa disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial de competencia desta dirección territorial, ampliándoo ata o 30 de xuño de 2026; baixo as seguintes condicións:

- A extracción realizarase no horario comprendido entre as 7:00 e as 20:00 horas, non estando permitida en sábados, domingos e festivos.
- Deberán respectarse as zonas de explotación exclusiva de percebe relacionadas na Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, así como, no seu caso, nas resolucións polas que se adopten medidas de adaptación do plan de xestión de percebe.

Estas zonas pódense consultar na páxina web de Pesca de Galicia: https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe

- A extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán está suxeita á previa autorización do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na Coruña.
- As declaracións de extracción de semente de mexillón deberán ser realizadas mediante a aplicación MOVTIC, que se pode descargar dende as tendas de descarga de aplicacións móbiles.



2. Non autorizar a ampliación do período de extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

A directora territorial

Documento asinado dixitalmente á marxe

